

Ola, ola, olal!

Remata maio e xa ole a vacacións, a que si?

Pois ben, comeza o mes de xuño e co bo tempo que estamos a ter o que máis apetece é sair a pasear ou ir á praia con sentidiño, lembrade as distancias!!

As profes entendemos que a estas alturas de curso xa estamos todos un pouco cansos, polo que as tarefas semanais programadas para a primeira semana de xuño van ser maioritariamente manipulativas, creativas, para disfrutar facéndoas e xogando coa familia.

Matemáticas. Serán probablemente as últimas do curso. Seguimos repasando.

Retos. Tedes dous. Podedes enviarnos fotos ou vídeos facéndoos e xogando. Encántanos recibir os vosos vídeos. Así podemos ver canto cambiáchedes neste tempo. Estadés guapísimas/os!!

Ide rematando o libro do trimestre. Tereades actividades sobre el para a seguinte semana.

Demais materias nos seus enlaces, coma sempre.

O venres 5 teredes colgadas as solucións de matemáticas.

Como vedes, pouquiño. Gozade do bo tempo, dos amigos e da familia, mais sabedes: A cumprir coas indicacións de sanidade, polo ben de todas e todos.

Unha agarimosa aperta das vosas profes e de Juan. Boa fin de semana!!!!!!